



28 DE ABRIL

DÍA INTERNACIONAL DA SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO

TRABALLAR PARA VIVIR

OU VIVIR PARA TRABALLAR?



Polo cumprimento do RD sobre
COEFICIENTES REDUTORES.

TRABALLAR PARA VIVIR OU VIVIR PARA TRABALLAR?

O día 28 de abril celébrase o Día Internacional da Seguridade e a Saúde no Traballo. Desde a **CGT** quixemos dedicalo este ano a reivindicar a aplicación inmediata por parte do Goberno do Real Decreto sobre coeficientes redutores da idade mínima de xubilación.

Este Real Decreto establece que, para aquelas actividades ou grupos profesionais, nas escalas, categorías ou especialidades cuxos traballos sexan de natureza especialmente penosa, tóxica, perigosa ou insalubre e que acusen elevados índices de morbilidade ou mortalidade, poderá acordarse que a idade mínima para a xubilación poida rebaixarse.

Este RD é do ano 2011, foi aprobado polo goberno de Zapatero e desde entón non se fixo nada. Nin Rajoy nin Sánchez moveron ata o de agora un só dedo para que se dea cumprimento á normativa que permitiría que moitos miles de persoas alcancen a idade de xubilación antes e con todos os seus dereitos íntegros. Curiosamente só un colectivo viu atendidas as súas reclamacións: a policía local.

Non é de recibo que, mentres tanto, persoas que están a traballar expostas a elementos nocivos para a saúde como o amianto, e que previsiblemente verán acurtada a súa vida, se xubilen á idade legal, nin tampouco o é que quen realiza traballos penosos ou perigosos como os relativos á fabricación de ferro e aceiro, ao sector petroquímico, a extinción de incendios forestais, quen conduce transportes públicos, quen realiza traballos repetitivos e mecánicos e un lago etcétera, vexan obrigados a xubilarse máis tarde.

No RD establécense os requisitos que deben cumprir os traballadores e traballadoras para que se lles apliquen os coeficientes redutores da súa idade de xubilación, o inicio do procedemento, a súa tramitación e quen poden solicitar a súa aplicación. Tamén aclara que Administracións e Organismos son os encargados de facer os estudos e tramitar as solicitudes. Lonxe de darlle cumprimento, paralizáronse os estudos dun bo número de expedientes que xa estaban en trámite, ou directamente outros non son admitidos ao impoñer requisitos que non figuran na normativa.

Desde a **CGT** esiximos ao actual goberno que, de maneira inmediata, tramite todos os expedientes presentados e dote á Seguridade Social dos recursos económicos e humanos suficientes para que se realicen os estudos necesarios para a aplicación dos coeficientes redutores, e se dea traslado dos resultados ao Congreso dos Deputados para a aprobación da normativa que permita a aplicación da redución na idade de xubilación que resulte dos estudos. Tamén deben incluírse nos próximos Orzamentos Xerais do Estado as partidas orzamentarias necesarias para afrontar as xubilacións que se produzan.

Desde a **CGT** esixiremos o seu cumprimento pola vía xudicial, pero tamén na rúa, reivindicando algo tan básico como que queremos traballar para vivir e non vivir para traballar.

Polo cumprimento do RD sobre COEFICIENTES REDUTORES